

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 31/01/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 31/01/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24-ene-2022, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/0163

Dáse conta de escrito presentado por CD Fincas, en representación das Comunidades de Propietarios de Rodrigo de Mendoza 60, 62, 64 solicitando a instalación dun espello, para facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen dos garaxes das citadas edificacións, así como a instalación de bolardos para delimitar o espazo.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación dun espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios dos citados garaxes, así mesmo podería autorizarse a instalación de bolardos a fin de que non se invadise o espazo destinado á entrada/saída do garaxe..

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello e bolardos solicitados, pero deberán colocalos pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2022/0164

Dáse conta do escrito presentado por D. Andrés Manuel Iglesias Soler, dando queixa pola excesiva velocidade coa que circulan os vehículos pola Rúa Carrizo, poñendo en perigo a integridade dos peóns.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación ao principio da rúa de sinalización específica de 30 km/h, así como á colocación en varios puntos de redutores de velocidade (badéns) a fin de evitar a circulación de vehículos a velocidade inadecuada para as características da vía.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2022/0186

Na X.G.L. do día 03/01/2022 aprobouse á empresa VISUAL PUBLINET S.L. un servizo de soporte e mantemento do aloxamento do dominio “cmusvilagarcia.gal” para o ano 2022 por un importe de 242 € IVE incluído, sendo este importe incorrecto.

A Xunta de Goberno Local acorda a corrección do erro detectado, quedando do seguinte xeito:

Acórdase a adxudicación á empresa VISUAL PUBLINET S.L. dun servizo de soporte e mantemento do aloxamento do dominio “cmusvilagarcia.gal” para o ano 2022 por un importe de 423,50 € IVE incluído, con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0200

Dáse conta de escrito presentado por Comunidade de Propietarios "Club Arosa", situada en Avda. Doutor Tourón 40, solicitando que se proceda á sinalización do vao permanente existente no lugar.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización horizontal a modo de sobre de cor amarela fronte á entrada do acceso ao vao, ocupando unha praza de estacionamento en liña .

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2022/0201

Dáse conta de escrito presentado por D. Carlos Amo Doce, solicitando autorización para instalar un posto de churros, o martes de Entroido de 2022 (2 de marzo de 2022), na Avda da Mariña fronte ao Bar O Tapeo, e visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada co carácter de precario, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá cumprir en todo momento a normativa COVID existente.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2022/0202

Dáse conta de escrito presentado por D. Baltasar Amo Busto, solicitando autorización para instalar un posto de churros, o martes de Entroido de 2022 (2 de marzo de 2022), na Avda da Mariña, no lugar de costume (fronte ao Kiosco Gomilandia), e visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada co carácter de precario, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá cumprir en todo momento a normativa COVID existente.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2022/0205

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Construccións, Obras e Viais SA para subministro de material para a reparación de camiños no rural, por un importe de 9.982,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0206

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SL - Marconsa, para subministro de material para bacheo e reparación de gabias en diversos puntos do municipio, durante o exercicio de 2022, por un importe total de 16.313,58 e (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0207

Dáse conta de comunicación remitida polo Eixo Atlántico na que se participa que está aberto o prazo para a presentación de candidaturas aos servizos da Axencia de Ecoloxía Urbana para o 2022 e que no capítulo de apoio no proceso de contratación do servizo de recollida de residuos e limpeza se vai financiar un conxunto de actuacións das cidades integrantes en función das peticións que estas realicen.

Dáse conta de solicitude deste Concello de apoio na avaliación dos criterios que dependen dun xuízo de valor do procedemento de licitación aberto para a contratación doo servizo denominado "Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria", para cada unha das seis propostas presentadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0209

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar

o gasto publicitario para continuidade da difusión das iniciativas e desenvolvemento local en Radio Arosa, de conformidade co orzamento presentado por Radio Pontevedra, por un prezo para o semestre de 7.260,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22641.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0210

Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario anual conforme ao orzamento presentado por Radio Popular SA - CAdena Cope, por un importe de 4.140,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0211

Dáse conta do escrito presentado por Dona maria de La O Fernández González, en representación do grupo político municipal Podemos-Marea da Vila solicitando o listado de rúas ás que o programa UNICO vai dotar de fibra en Vilagarcía de Arousa, avaliación por parte do Goberno Local sobre a porcentaxe de conectividade no conxunto de Vilagarcía e información sobre as rúas que seguirán con deficiente conectividade, ou zonas brancas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que a actuación en Vilagarcía de Arousa figura no seguinte enlace (<https://advancedigital.maps.arcgis.com>).

PRP2022/0212

Vista a proposta do Responsable de compras de material administrativo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por REDINOR SL para subministro de 600 paquetes de papel DIN A4- NAVIGATOR 80 GRS/500 follas e 50 paquetes DIN A3 NAVIGATOR 80 GRS/500 follas, por un importe total de 2.521,04 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0213

Vista a proposta do Responsable de compras de material administrativo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para subministro de dúas cadeiras para a Oficina Técnica Municipal, por un importe total de 487,87 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0214

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BULLFUEGO SL para a reparación

do vehículo Iveco Stralis, matrícula 8039FWG, adscrito ao citado servizo, por un importe total de 7.279,06 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0216

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Pablo Jueguen García para a planificación, mantemento, creación de contidos dos perfís oficiais de Facebook e Instagram do Concello, que inclúe tamén a xestión dos contidos da pantalla do quiosco de Arcebispo Lago, por un importe total de 14.520,00 €/anuais (IVE incluído), con cargo á partida 926.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0217

Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a Esther Cabrera Fernández dando queixa polo deficiente servizo de internet no lugar do seu domicilio, en Avda. Vilanova, indicando que hai un enlace de fibra óptica a poucos metros do mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que nesa zona está prevista a dotación de fibra óptica.

PRP2022/0219

Dáse conta do escrito presentado por D Juan Manuel Fajardo Recouso, en nome do grupo político municipal de Vilagarcía en Común, solicitando copia da sentenza do Parking de Xoan XXIII.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda a remitir copia da citada sentenza, indicandolle que contra a mesma se presentou recurso de apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

PRP2022/0221

Dáse conta do escrito presentado por D Juan Manuel Fajardo Recouso, en nome do grupo político municipal de Vilagarcía en Común, solicitando copia do proxecto técnico de construción de beirarrúas e mellora de seguridade da Rúa Ameixeiras.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que poderá consultar o citado proxecto no Departamento de Contratación.

PRP2022/0222

Dáse conta do escrito presentado por D Juan Manuel Fajardo Recouso, en nome do grupo político municipal de Vilagarcía en Común, solicitando informe sobre a situación dos postos da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que poderá poñerse en contacto co Encargado do Servizo de Mercados aos efectos de que lle informe sobre o solicitado no seu escrito (situación, tipo de concesión, vixencia, etc).

Dar conta ao Servizo de Mercados.

PRP2022/0224

Dáse conta de recurso de reposición interposto por D. Francisco Borja Santamaría Gonzalez contra o acordo de Xunta de Goberno Local de 15 de novembro de 2021 polo que se lle comunicaba que debían indicar día e hora para acceder ao local situado en Rúa Castelao 5, coa finalidade de recoller os obxectos da Asociación Xuvenil Arousa Moza. No citado recurso solicita que se ofrezca unha alternativa para a continuación do desenvolvemento da actividade de asociación nas mesmas condicións que viña desenvolvendo na Rúa Castelao 5 e se lles permita o acceso ás instalacións mentras non se encontre unha solución.

A Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso presentado dado que non é posible que poidan volver ás instalacións do Liceo Casino, dado que o inicio das obras da biblioteca se levará a cabo proximamente, polo que con anterioridade ao 28 de febreiro de 2022 deberá -vde, fixar día para a retirada dos obxectos que pertencen á asociación, e que se encontran nos locais de propiedade municipal.

PRP2022/0215

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para a reparación do vehículo Iveco Eurocargo, matrícula 8107JZZ, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 1.449,76 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0220

Dáse conta do escrito presentado por D Juan Manuel Fajardo Recouso, en nome do grupo político municipal de Vilagarcía en Común, solicitando copia do informe, estudo de mobilidade no entorno da parcela da Comandancia de Mariña.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se remita o citado informe aos voceiros de tódolos grupos políticos municipais.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2022/0183

Pola Técnica de Promoción de Emprego infórmase que unha das especialidades formativas do Obradoiro de Emprego OE FORME 2021, iniciado o 15 de outubro de 2021 é Atención sociosanitaria e Telesistencia cos Certificados de Profesionalidade de NIVEL 2: Atención sociosanitaria a persoas no domicilio SSCS0108 e Xestión de chamadas de telesistencia SSCG0111.

O concello solicitou á Consellería de Emprego e Igualdade a modificación do itinerario formativo desta especialidade, substituindo o certificado de profesionalidade de Xestión de chamadas polo certificado de Atención sociosanitaria a persoas en institucións.

Esta proposta ven motivada pola intención de mellorar o proceso de formación impartida neste obradoiro coa certeza de que, incluíndo este novo certificado de profesionalidade, completaríaase de maneira integral a formación recibida en materia de atención ás persoas dependentes e

ampliárase de maneira excepcional as posibilidades de inserción laboral dos alumnos/as desta especialidade, tamén nas distintas institucións adicadas ao cuidado de persoas dependentes.

A Consellería de Emprego e Igualdade, en base ao informe técnico favorable e considerada a modificación procedente por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación, resolve a modificación do itinerario formativo, substituindo o certificado de Xestión de Chamadas de Teleasistencia polo certificado de Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0184

Dase conta que na data 28 de decembro de 2021 tivo lugar a Comisión de Seguimento do Convenio de Colaboración a Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias, na que se propón o mantemento da consideración como aula de referencia a alula CEMIT do Concello de Vilagarcía para o ano 2022, coas consecuencias inherentes a tal condición.

Os requisitos para poder considerarse aula de referencia veñen establecidos no primeiro apartado da cláusula terceira do Convenio de colaboración, entre a Consellería de Vicepresidencia e Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento do plan de inclusión Dixital no eido da Administración Local, asinado o 15 de xaneiro de 2014, completado mediante a sinatura da VI Addenda para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local.

Estes supostos nos que as aulas dos Concellos que integran a Rede CeMIT teñen a consideración de aulas de referencia son:

...as aulas que acrediten que no ano inmediatamente anterior mantiveron uns elevados niveis de actividade . A actividade no ano inmediatamente anterior considerarase no período de 12 meses que vai dende o 1 de decembro de dous anos antes ata o 30 de novembro do ano inmediatamente anterior..

O cuarto apartado de dita cláusula terceira establece que . A consideración de aula de referencia será renovada anualmente de xeito automático, previa acreditación do cumprimento no ano anterior dos mínimos establecidos ao respecto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0191

Dáse conta da PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES DE COMERCIALIZACIÓN, ditada polo MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO.

PRIMEIRO. A Dirección Xeral de Política Comercial comunica o acordo da Comisión de Avaliación de 30 de decembro de 2021 de PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL SUXEITA A EXISTENCIA DE DISPOÑIBILIDADES ORZAMENTARIAS.

SEGUNDO. A resolución, comunicada a este concello o 31 de xaneiro de 2022, indica no seu feito Primeiro:

“ Proponer la ayuda que a continuación se indica, para la realización de las actuaciones contenidas en la solicitud tpresentada por la entidad solicitante a esta convocatoria:

ORZAMENTO FINANCIABLE (€)	SUBVENCIÓN PROPOSTA (€)
---------------------------	-------------------------

671.278,65

537.022,92

A comunicación remitida ao Concello fai constar que unha vez examinadas as alegacións aducidas, no seu caso, polos interesados, formularase proposta definitiva aos interesados que foran propostos como beneficiarios para que no prazo de 5 días hábiles, comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao financiamento proposto, entendéndose que renuncia á financiación de non se producir a aceptación expresa en dito prazo.

TERCEIRO. Unha vez se notifique a resolución da proposta de concesión definitiva daráse cumprida conta á XGL.

A aportación municipal ascende á cantidade de 134.255,73 €, con cargo á partida 4311.470.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0228

Dáse conta de escrito da Consellería de Emprego e Igualdade autorizando o mantemento provisional do Servizo de Orientación Laboral subvencionado ao abeiro da orde do 23 de decembro de 2020, que remataba a súa vixencia o 31/01/2022 e ata a data de resolución da correspondente convocatoria de axudas para o exercicio 2022, que foi publicada no DOG de 26 de xaneiro, se ben esta autorización non xerará dereitos de cara á resolución da mesma. Se unha vez publicada a orde da convocatoria de axudas para o exercicio, se constata que a entidade non reúne os requisitos establecidos na mesma para a obtención desta axuda, procederáse á revogación da citada autorización e non se xerarán dereitos económicos polos servizos prestados durante o tempo transcorrido desde a data de finalización do período subvencionado anterior, e dicir, dende o 31 de xaneiro de 2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0230

Vista a proposta do Director do Obradoiro Dual de Emprego OE FORME 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por DIGAMEL AROUSA SLU para o subministro de 116 dispositivos de regulación individual de luminosidade, para a regulación do sistema de encendido dos sistemas de luminarias do edificio público Nave principal de FEXDEGA, para a súa utilización por parte do alumnado do Obradoiro de Emprego, especialidade formativa de Mantemento de Redes Eléctricas doméstica e inmótica, por un importe total de 11.611,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0231

Vista a proposta do Director do Obradoiro Dual de Emprego OE FORME 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por KAEME Consultoría e Prevención para impartición de formación complementaria ao alumnado do Módulo de alfabetización á informática: Internet, de 10 horas de duración, por un importe total de 600,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0229

Dáse conta da presentación de solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2021, publicada no DOG de 26 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio de 2022.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/0232

Dáse conta de publicación no DOG nº 14, de Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases das subvencións a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lecturas nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT236A), para a realización de actividades de animación á lectura no marco do "Programa Ler Conta Moito", sendo o prazo de solicitude para participar do 22 de xaneiro ao 21 de febreiro, ambos inclusive.

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Participar no Programa "LER CONTA MOITO".
- Autorizar á Dirección da Biblioteca Municipal para levar a cabo as xestións e programación das actividades correspondentes.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/0233

Dáse conta de escrito de Augas de Galicia en relación coa implantación dun Plan de Emerxencia de presa ou balsa para a Presa do Con.

conforme ao acordado nas reunións remiten a seguinte información divulgativa para a súa distribución por parte do Concello:

- 4800 trípticos informativos, para distribuir na zona potencialmente inundable pola rotura da presa na primeira media hora.
- 250 carteis informativos aos efectos da súa distribución en centros administrativos, educativos, sanitarios, sociocomunitarios, etc.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda ao reparto da documentación informativa enviada.

Dar conta ao Servizo de Protección Civil e Xestión de Emerxencias e Policía Local.

TURISMO

PRP2022/0188

O Concello de Vilagarcía ten na dirección <https://visitvilagarcia.com/> a exposición de todos os seus atractivos turísticos e da información precisa para calquera decida achegarse á nosa cidade para visitala.

Co recente ascenso do equipo do Clube Arosa, os medios de comunicación adican máis espazo a dar información dese equipo e incluso moitos deses partidos son retransmitidos por televisión. A Xunta de Goberno Local, vista a proposta da Concellería de Turismo, acorda a sinatura dun contrato menor de patrocinio por importe de 3.000 € (IVE engadido), para a tempada 2021-22, con cargo á partida 432.22602.

A contraprestación por parte do Club Arosa, S.C. será:

- A colocación dunha lona coa inscrición VISITVILAGARCIA.COM no centro do campo en todos os partidos que o primeiro equipo xogue no estadio de A Lomba e ata o momento do inicio do encontro. O que se pretende é que VISITVILAGARCÍA resulte visible nas transmisións por TV que se fan deses partidos.
- A inserción de VISITVILAGARCIA.COM, xunto cos anagramas do concello de Vilagarcía de Arousa e da súa Fundación de Deportes, en todas as insercións publicitarias e nas redes sociais que promova ou nas que participe o club.
- Invitación ao Alcalde, ou en quen delegue, e/ou a outros concelleiros, para participar na rolda de prensa de presentación desta iniciativa.

O Concello xa adquiriu esa lona no inicio da tempada e o club xa a está colocando no campo no xeito indicado.

En xaneiro de 2022 o clube presentará unha factura por importe de 1.500 €, e ao remate da tempada 2021/22, presentará outra factura, pola mesma cantidade, xunto con un dossier no que se acredite o cumprimento, por parte do patrocinado, dos termos establecidos neste contrato.

PRP2021/4268

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa FB2 Estudio de Ingeniería SL a dirección de obra do proxecto de Instalación dun Miradoiro sobre Cortegada e os Lombos do Ulla no lugar denominado Cruz de Xiabre, por un importe total de 1.097,47 €, con cargo á partida 432.60900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/0181

Dáse conta da proposta da Concellería da Área de Igualdade para aprobar a solicitude de subvención para a contratación de 4 mulleres en situación de violencia de xénero.

A Consellería de Emprego e Igualdade ten convocadas para o presente exercicio 2022, axudas para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero inscritas no servizo público de emprego como demandantes, ou como mellora de emprego.

A poboación de Vilagarcía a sítua entre as entidades que poden solicitar subvención ata un máximo de 4 contratacións.

A contía da subvención por cada muller contratada a tempo completo, será a necesaria para sufragar ata un máximo de 12 mensualidades, segundo Convenio Colectivo en vigor e acorde coa categoría profesional.

- Comprendendo as retribucións salariais brutas totais.
- inluída a parte proporcionais das pagas extraordinarias
- as cotas á seguridade social por parte da empresa, na mesma cantidade que a fixada para o salario,

Aos efectos desta subvención no se consideraran custos salariais subvencionables:

- O importe da indemnización prevista no artigo 49.1 do estatuto dos traballadores.
- Incentivos e gratificación extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

No caso de resolución positiva da solicitude, os contrato deberán estar efectuados antes do 1 de xullo de 2022.

En base ao exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a solicitude de subvención para a contratación de catro mulleres en situación de violencia de xénero, polo período de 12 meses, coa categoría profesional correspondente ao Grupo V e con destino nos servizos de conxerxería e xardines preferentemente, polas seguintes cuantías (O período de contratación poderá sufrir variación en función do RDL 32/2021, do 28 de decembro de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo):

A contía para a que se solicita subvención é:	73195,68€
A contía a aportar pola parte do Concello é:	1564,32€

2.- Aprobar a aportación municipal con cargo á partida 2312.22615, para financiar a parte non subvencionable da acción que se detalla, así como os custos derivados de IT, que non serían subvencionables.

3.- As retribucións salariais brutas totais en cómputo mensual, incluídas a parte proporcional de pagas extra, as cotas a seguridade Social se corresponden co Convenio Colectivo vixente.

Consultado co departamento de persoal , estas retribucións quedan desglosadas do seguinte xeito:

GR. V (AP)

N. compl. (C.D.) 7

Ocup: CNAE – 32,75%

Salario Base	Complemento/C D	Incentivo	Rateo paga extra	Rateo Incentivo	PE	Indemn. cese	Total Retribucións	SS Empresa	Custo total
612,59€	202,75€	162,38€	135,89€	27,06€		32,59€	1173,26€	384,24€	1.557,5

TRABALLADORAS	CUSTO TOTAL SUBVENCIONABLE/TRABALLADORA	MENSUAL	SUBVENCIÓN a SOLICITAR (4traballadoras/12 meses) Xornada Completa
4	1524,91€		73.195,68€

TRABALLADORAS	Indemniz. mensual/traballadora	Cese	TOTAL APORTACIÓN CONCELLO
4	32,59€		1.564,32€

PRP2022/0189

Vista a proposta da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a actividade e bases de execución do obradoiro de estimulación cognitiva e psicomotricidade para persoas maiores .ACTÍVATE.

A actividade consiste nun obradoiro para 60 persoas maiores de sesenta e cinco anos, cunha duración de 6 horas semanais, distribuídas en tres grupos de 20 persoas e cunha duración de 2 horas cada grupo. Este obradoiro impartiríase todos os martes, en modalidade presencial no Auditorio Municipal, en dúas quendas, unha do 1 de marzo ao 30 de xuño e outra do 1 de setembro ao 31 de decembro de 2022.

Segundo a evolución da situación sanitaria valoraríase a modificación do modo presencial ao modo on line. mediante videochamadas, chats. de ser máis axeitado ou incluso a súa suspensión.

PRP2022/0193

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e do orzamento do “XVI Premio para a Igualdade de Xénero. Boas prácticas na escola”.

As entidades beneficiarias poderán ser centros educativos en xeral , centros educativos de Réxime de ensinanza especiais, departamentos concretos dos centros, profesorado de xeito específico ou ANPAS , e as condicións de participación veñen especificadas nas citadas bases. O importe do Premio ascende á cantidade de 1500,00€ repartidos en tres premios de 500,00€ cada un, con cargo á partida 2312.48100.

CULTURA

PRP2022/0194

Na Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2021 acórdase autorizarlle a D. Diego Basadre Barreiro o uso da Praza da Peixería, os días 27 (montaxe) e 28 (celebración) de decembro para o evento chamado “A LONXA DO RITMO”.

A valoración das taxas ascendían a cantidade de 101,80€

A vista do escrito presentado por D. Diego Basadre Barreiro, con nº rexistro WEB2022000271, expón que por motivo das restriccións por COVID 19, dito evento non se pudo realizar, polo que solicita a anulación do uso de instalación e así mesmo as tarifas establecidas.

A Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto a autorización do uso de instalación municipal, neste caso Praza da Peixería, para a celebración dun concerto chamado “A LONXA DO RITMO” (27 de decembro para a montaxe e 28 de decembro para a celebración) e así mesmo anular a liquidación das taxas establecidas por importe de 101,80€ polo uso da instalación.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2022/0170

Dáse conta do escrito de alegacións presentado, con data 21/12/2021, por Dona Alia Piñeiro Fernández e/r Degalle Construcciones, S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/11/2021, polo que se acorda incoar expediente para a incautación da fianza depositada pola citada empresa para responder da execución da obra denominada "Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde", por importe de 1.929,95 €, para responder dos danos ocasionados no pavimento do citado pavillón con ocasión da execución da obra indicada.

Dáse conta do informe do Negociado de Contratación, no que se indica que á vista dos informes emitidos e que obran no expediente, acredítase que:

- Os danos existentes na zona da pista do pavillón de Faxilde que foi enrolada por traballadores

da empresa Degalle Construcciones, S.A. con ocasión da execución das obras de "Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde" NON existían antes do inicio das citadas obras.

- Os danos existentes na zona da pista do pavillón de Faxilde a que se refire o punto anterior foron provocados pola actuación da empresa Degalle (os seus traballadores non limparon axeitadamente a base antes de desenrolar o pavimento, polo que os restos metálicos existentes sobre a base (restos metálicos procedentes da obra, principalmente tornillería) impedían o correcto asento da superficie do pavimento sobre a súa base, producindo a súa rotura).

- Existe, polo tanto, unha clara relación de causalidade entre a actuación de Degalle Construcciones, S.A. e os danos existentes na zona de pista do pavillón que foi enrolada e desenrolada polos traballadores da empresa Degalle con ocasión da execución das obras de "Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde" .

O Art. 111 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) indica, respecto á devolución e cancelación das garantías definitivas que:

"1. La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista.

2. Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución."

Debe terse presente que o curso do prazo de garantía da obra (1 ano) non opera automaticamente, senón que se interrompe cando se descubre un vicio ou defecto nela. No presente caso, o prazo de garantía interrompeuse cando o Concello requiriu á empresa contratista para que reparara os danos producidos na pista do pavillón de Faxilde antes indicados e que foron consecuencia da actuación da contratista durante a execución da obra de "Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde", como queda acreditado no expediente. Dado que Degalle Construcciones desatendeu os requirimentos do Concello e non reparou os danos indicados, o prazo de garantía quedou interrompido e, polo tanto, aínda non rematou.

O art. 110 la LCSP, que establece nos seus apartados c) e e) que a garantía responde dos seguintes conceptos:

"c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato".

Tamén debe terse presente que a cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación indica que:

"Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados ó Concello ou a terceiras persoas pola súa persoa, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos ou operacións que requira a execución da obra, agás que tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, sendo neste caso responsable dentro dos límites establecidos na Lei.

Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra."

No expediente para a incautación parcial da garantía por importe de 1.929,95 €, douse audiencia a Degalle Construcciones, S.A., que presentou as alegacións obxecto deste recurso, e ao Banco Santander, S.A. (sucursal 7826, situada na R/ Castelao, 23. O Grove –Pontevedra-), que non presentou alegacións.

Non procede, a xuízo da que subscribe, considerar parte no procedemento de incautación da garantía (depositada mediante aval bancario) á compañía de seguros Mapfre, toda vez que o art. 112 da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público, relativo ó réxime das garantías prestadas por terceiros, indica no seu apartado 2 que "el avalista o asegurador será considerado parte interesada en los procedimientos que afecten a la garantía prestada...", e a garantía no foi prestada pola compañía de seguros Mapfre, senón polo Banco de Santander.

En atención ó exposto a que subscribe, sen prexuízo de mellor opinión fundada en dereito, informa desfavorablemente e propón desestimar as alegacións formuladas por Degalle Construcciones, S.A. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/11/202 e continuar o procedemento de incautación parcial da garantía definitiva depositada por Degalle Construcciones, S.A. para responder da execución da obra denominada "Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde", por importe de 1.929,95 €, para responder dos danos ocasionados no pavimento do citado pavillón con ocasión da execución da obra indicada.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar as alegacións e proceder á incautación parcial da garantía definitiva depositada por Degalle Construcciones, S.A. para responder da execución da obra denominada "Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde", por importe de 1.929,95 €, para responder dos danos ocasionados no pavimento do citado pavillón con ocasión da execución da obra indicada.

Dar conta á Tesourería Municipal.

PRP2022/0178

Vista a proposta da Concellería de Educación e Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a Memoria valorada denominada "Subministro de luminarias para mellora da iluminación do campo de fútbol de A Lomba", redactada por enxeñeiro técnico industrial don Óscar Álvarez González cun importe de licitación de 130.680,00 euros (IVE engadido).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a súa financiación ó 100%, con cargo as bases de subvención para o Plan Concellos 2022/2023, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 230, do sábado 27 de novembro de 2021.

PRP2022/0195

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 24 de xaneiro de 2022, segundo o cal non se concedeu a este Concello a subvención solicitada para a elaboración de "Estudos técnicos de xestión e prevención de residuos municipais", tendo en conta o establecido na base cuarta da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0208

Vista a proposta da concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto de "Construción dunha glorieta na intersección da Rúa Fontecarmoa coa Avda. de Cambados", redactado pola enxeñeira dona Marta

Rodríguez Yanes, cun orzamento de execución por contrata de 156.873,52€.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:10 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.